

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2010

<b>ASUNTO</b>	<b>Xornada divulgativa dirixida ao fomento do espírito emprendedor no ámbito educativo. Visita ao IES As Insuas de Muros</b>
<b>ORGANIZA</b>	<b>Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela</b>
<b>ASISTE</b>	<b>Rosa Cardeso</b> <i>responsable do viveiro de empresas</i>
<b>LUGAR</b>	<b>IES As Insuas</b> <i>Agra de Baño, s/n. Serres –Muros–</i>
<b>DATA</b>	<b>Mañá martes, 13 de abril</b>
<b>HORA</b>	<b>12:30 horas</b>

---

**Alumnos do IES As Insuas de Muros descubrirán mañá os segredos do emprendemento nunha xornada divulgativa que organiza a Cámara de Comercio de Santiago no centro de ensinanza**

A Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela, dentro da súa preocupación por fomentar o espírito e a cultura emprendedora entre os máis novos no ámbito educativo, está a desenvolver unha serie de xornadas informativas en institutos da súa demarcación cameral.

Nesta ocasión terán a oportunidade de escoitar e tomar boa nota dos consellos que lles ofrezca a responsable do viveiro empresarial de Costa Vella, **Rosa Cardeso**, **34 alumnos de 3º da ESO do IES As Insuas de Muros, mañá ás 12:30 horas no seu centro de ensino.**

A xornada divulgativa, dunha hora e media de duración, está enfocada cara a orientación e motivación no autoemprego e a creación de empresas. Trátase dunha serie de xornadas de orientación e sensibilización sobre o espírito emprendedor na escola, dirixidas a alumnos de Secundaria, Bacharelato e Formación Profesional dentro da campaña de divulgación do viveiro empresarial que a Cámara de Comercio.

**Seminario de xeración de ideas empresarias**

A Cámara compostelá iniciou hoxe un seminario gratuito de *xeración, maduración e avaliación de ideas empresariais* no viveiro de empresas de Costa Vella para os seus emprendedores. Esta xornada, que se estenderá ata o 26 de abril, realízase en colaboración co Igape e Bic Galicia. Trátase dunha ferramenta de formación para que os seus participantes poidan crear, analizar e rentabilizar unha idea empresarial. Para alcanzar este obxectivo é necesario xerar e madurar ideas e realizar unha primeira aproximación á viabilidade económica do proxecto e do seu potencial.

Ademais, a Cámara de Comercio mantivo esta mañá unha reunión con representantes do Instituto de Crédito Oficial (ICO). Á reunión asistiron o presidente do ICO, **José María Ayala**; a súa directora General de Negocios, **Rosario Casero**; o presidente da Cámara, **Jesús Asorey**; a secretaria xeral da entidade cameral, **Filomena Casal**; e o seu adxunto, **Fernando Barros**. Durante a xuntanza, os representantes do ICO expuxeron as novas medidas de financiación e préstamos directos que se concederán ás pequenas e medianas empresas a partir de xuño.